

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. PRIMEIRO DE MARZO
CURSO: 4º ESO
MATERIA: BIOLOGY AND GEOLOGY SSBB
DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

Anexo I. Rúbrica avaliación tarefas

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020 DEP. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	PÁXINA 1 DE 11	CENTRO: IES PRIMEIRO DE MARZO CURSO: 4º ESO MATERIA: BIOLOGY AND GEOLOGY SSBB
--	-------------------	---

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles*

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Determinar as analoxías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas.	BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.
B1.2. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta.	BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.
B1.3. Comparar a estrutura dos cromosomas e da cromatina.	BXB1.3.1. Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo.
B1.4. Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica.	BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.
B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.	BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.
B1.6. Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética.	BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.
B1.7. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos.	BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.
B1.8. Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.	BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.
B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.
B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.	BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles*

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.12. Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante e PCR.	BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.
B1.15. Valorar e interpretar as aplicacións da tecnoloxía do ADN recombinante na agricultura, na gandaría, no ambiente e na saúde.	BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.
B1.16. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.
B1.17. Comprender e establecer os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo.	BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.
B2.1. Recoñecer, compilar e contrastar feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante.	BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.
**B2.4. Recoñecer e datar eóns, eras e períodos xeolóxicos, utilizando o coñecemento dos fósiles guía.	BXB2.4.1. Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.
**B2.5. Interpretar cortes xeolóxicos sinxelos e perfís topográficos como procedemento para o estudo dunha zona ou dun terreo.	BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos..
B2.6. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.
**B2.7. Combinar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.	BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.
**B2.8. Recoñecer as evidencias da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	BXB2.8.1. Expressa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.
**B2.9. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento	BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles*

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres. Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas.	BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.
**B2.10. Explicar a orixe das cordilleiras, os arcos de illas e os oróxeos térmicos.	BXB2.10.1. Identifica as causas dos principais relevos terrestres.
**B2.11. Contrastar os tipos de placas litosféricas e asociarlles movementos e consecuencias.	BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.
**B2.12. Analizar que o relevo, na súa orixe e na súa evolución, é resultado da interacción entre os procesos xeolóxicos internos e externos.	BXB2.12.1. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.
**B3.1. Explicar os conceptos de ecosistema, biótomo, poboación, comunidade, ecotón, hábitat e nicho ecolóxico.	BXB3.1.1. Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.
	BXB3.1.2. Analiza as relacións entre biótomo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.
**B3.4. Identificar as relacións intraespecíficas e interespecíficas como factores de regulación dos ecosistemas.	BXB3.4.1. Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.
**B3.5. Explicar os conceptos de cadeas e redes tróficas.	BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.
**B3.6. Expresar como se produce a transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica, e deducir as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.	BXB3.6.1. Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.
**B3.7. Relacionar as perdas enerxéticas producidas en cada nivel trófico co aproveitamento dos recursos alimentarios do planeta desde un punto de vista sustentable.	BXB3.7.1. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.
**B3.9. Concretar procesos de tratamento de residuos e describir a xestión	BXB3.9.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles*

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
que dos residuos se fai no seu contorno próximo.	selectiva.
**B3.10. Contrastar argumentos a favor da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión a nivel familiar e social.	BXB3.10.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.
**B3.11. Asociar a importancia da utilización de enerxías renovables no desenvolvemento sustentable.	BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.
**B4.1. Planear, aplicar, e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.
**B4.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo.	BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.
**B4.5. Presentar e defender en público o proxecto de investigación realizado.	BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.
	BXB4.5.2. Expressa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.

*Na táboa recóllense a correspondencia dos criterios de avaliación e os estándares imprescindibles traballados ata o 12 de marzo (data de suspensión das clases). Sobre eles basearanse as probas recuperadoras tanto en xuño coma en setembro.

**Afondaranse durante a 3ª avaliación por seren mínimos esenciais, aínda que só serán avaliados positivamente.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>As tarefas realizadas dende a declaración do estado de alarma serán valoradas a través dunha rúbrica que avaliará tanto a entrega e realización como o grao de consecución das mesmas. Así o alumnado poderá incrementar a nota obtida durante a ensinanza presencial ata 1,5 puntos, dependendo das tarefas entregadas e da súa calidade..</p> <p>As tarefas realizaranse vía correo electrónico. En todo momento haberá un prazo de tempo razoable para a realización das tarefas.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>As actividades propostas baséanse nos mínimos esixibles para esta materia. As actividades só terán unha avaliación positiva e introducirán os temas que trataríamos no terceiro trimestre en mínimos competencias de xeito que garantan as necesidades do vindeiro curso.</p> <p><u>Alumnado coa 1ª e/ou 2ª avaliación suspensa:</u> Realizarán ademais da tarefas encomendadas para a 3ª avaliación, as propostas para reforzar as avaliación suspensas Respecto as probos escritos, quedamos á espera das instrucións para a proba avaliadora (proba ordinaria e extraordinaria).</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p><u>Proposta:</u></p> <p><u>1ª avaliación:</u> 60% da nota media da ordinaria (ata 6 puntos)</p> <p><u>2ª avaliación:</u> 40% da nota media da ordinaria (ata 4 puntos)</p> <p><u>3ª avaliación:</u> 15% extra sobre a nota final (ata 1,5 puntos).</p> <p>A suma total máxima será de ata 10 puntos e o mínimos para unha avaliación positiva 5.</p> <p>Fórmula da cualificación:</p> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px; display: inline-block;"> Nota final= ata 6 puntos da 1ªaval + ata 4 puntos da 2ª aval + ata 1,5 puntos extra da 3ª aval </div> <p>Para o alumnado cuxa media ponderada xunto coa puntuación extra non acade un 5, contará coa posibilidade dunha proba final ordinaria telemática ou presencial (se for posible) na que se avaliarán os estándares mínimos tratados ata a suspensión das clases.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Se for posible proba telemática ou presencial cos mínimos desenvolvidos nas clases presenciais do curso 19-20.O alumnado realizará un caderno de reforzo (semellante o traballado na terceira avaliación) que representará o 30 % da súa cualificación.</p>
Alumnado de	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>O programa de Seccións Bilingües non conta con alumnado pendente de cursos</p>

materia pendente	posteriores.
	Criterios de cualificación: Non proceden
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non proceden

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades, de variado formato, basearanse nos mínimos a acadar durante o curso e no aprofundamento do esencial para os seguintes. que o alumnado entregará nun prazo de tempo razoable.</p> <p>As principais propostas son</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de resumo ou de consolidación: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Resumos dos principais contados en pdf e ppt ◦ Esquemas. ◦ Visionado de vídeos tanto en lingua galega como en inglés • Actividades de reforzo. <ul style="list-style-type: none"> ◦ Boletíns de exercicios • Actividades de ampliación. <ul style="list-style-type: none"> ◦ Traballos prácticos de indagación ◦ Visionado de vídeos de links específicos • Actividaes de avaliación telemática
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todas as tarefas faranse chegar aos alumnos ben a través do correo electrónico baionabio2020@gmail.com. O alumnado deberá entregar as tarefas polo mesmo medio. O docente facilitará as correccións e explicacións oportunas adaptándose a situación particular de cada alumno/a. Cada tarefa terá unha data de entrega.</p> <p>Dada a situación excepcional vivida optouse por traballar por vía telemática</p> <p>O alumnado 4ºB ESO (sección bilingüe), recibiron instrucións e formación vía correo electrónico pactada xa entre o alumnado dos grupos e o profesor a través do seguinte enderezo electrónico baionabio2020@gmail.com, considérase a vía máis rápida e efectiva de comunicación dada a falta de tempo para artellar unha vía mellor.</p> <p>Traballouse tanto o reforzo como ampliación de coñecementos tanto en lingua galega como lingua inglesa cara ao vindeiro curso.</p> <p>Diariamente recibirán instrucións e aclaracións sobre as propostas didácticas correspondentes coa temporalización da programación. O alumnado terá tarefas asignadas para comprobar a adquisición deses coñecementos e poderá sempre preguntar calquera dúbida diariamente. En ditas propostas traballaremos tanto co libro de texto, links relacionados coa materia, videos e tutoriais que faciliten a comprensión e adquisición dos mínimos esixibles así como a ampliación de coñecementos .</p> <p>En xeral non se detectou problemas de conectividade. No caso de carencias tecnolóxicas salientables o docente porase en contacto co titor/a e a Dirección do centro e arbitrará fórmulas para a dar unha solución.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> -Libro de clase -Caderno de tarefas ou fichas individualizadas (provistas pola editorial ou de elaboración propia) -Vídeos explicativos tanto en galego com o en Inglés -Webs externas axeitadas (CENICE, Xeoclip, Aulas Galegas, Abalar, Clickv.ie, BBC learning english, National Geographic, Brainpop) -Carpeta Drive - Páxina web do centro

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>As instrucións para esta terceira avaliación estanse a achegar ou achegaranse ao alumnado e as familias a través de correo electrónico (profesorado), publicándose na web do centro e comunicándollo ao titor ou titora do grupo. Asemade, de detectarse abandono ou desconexión por parte do alumnado comunicaráselle tanto a/o titor/a como a Xefatura de Estudos para tomar a medidas oportunas.</p> <p>En todo momento o Departamento de orientación e a Dirección do centro foron infomados da evolución e o traballo realizado co alumnado.</p> <p>Houbo un continuo contacto cos <u>titor@s</u> dos distintos grupos nos que se lles informaba periodicamente da actuación do seu alumnado.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro, tanto na lapela do departamento de Bioloxía e Xeoloxía como na habilitada para a docencia durante o estado de alarma.</p>

ANEXO I

RÚBRICA BAREMACIÓN DO TRABALLO DA 3ª AVALIACIÓN					
	0 puntos Mal	0,2 puntos Regular	0,4 puntos Acceptable	0,6 puntos Bo	0,75 puntos Moi bo
Entrega de tarefas	Tarefas non entregadas	Tan só entregou un 25% da tarefas encomendadas ou parcialmente realizadas (menos da metade)	Entrega do 50% das tarefas ou parcialmente ou realizadas (metade)	Entrega de ao menos o 75% das tarefas encomendadas e/ou realizadas nun 75%	Todas as tarefas entregadas en forma e prazo
Grao de consecución	Estándares de aprendizaxe mínimos non acadados	Estándares mínimos parcialmente acadados.	Acadou os mínimos esixibles	Grao de consecución satisfactorio.	Grao de consecución moi satisfactorio.